

Aeropuertos Españois

Servizo de asistencia a persoas
con mobilidade reducida



sin barreras
sen barreiras

Servizo de asistencia a persoas con minusvalía ou mobilidade reducida nos aeroportos españois

En cumprimento do Regulamento (CE) 1107/2006 do Parlamento Europeo,ponse en marcha a partir do 26 de xullo de 2008 en todos os aeroportos europeos un servizo de atención aos pasaxeiros con mobilidade reducida. Esta medida comunitaria supón un grande avance social para as persoas con discapacidade e por esta razón dispuxéronse todos os recursos económicos, materiais e humanos necesarios para facer posible que en todos os aeroportos españois se preste un servizo de calidade que garanta que todas as persoas poidan gozar do transporte aéreo entre calquera punto da xeografía europea, sexa cal sexa a súa discapacidade.

Diferentes minusvalías

- **WCHC**
Pasaxeiros privados de calquera mobilidade e non autosuficientes. Deben ser acompañados ao seu asento e necesitan axuda persoal completa. Se a viaxe dura máis de tres horas, necesitan acompañante.
- **WCHR**
Pasaxeiros que necesitan axuda durante o traslado entre a aeronave e a terminal, autosuficientes para embarcar e desprazarse dentro da aeronave.
- **WCHS**
Pasaxeiros que necesitan axuda entre a aeronave e a terminal e tamén para embarcar, autosuficientes dentro da aeronave.
- **DEAF**
Pasaxeiros xordos.
- **BLND**
Pasaxeiros con minusvalías visuais.

Que pasos debe seguir?

1.

Solicíteo

Polo menos con 48 horas de antelación* e:

- Necesariamente ao facer a súa reserva ou adquirir o seu billete a través da súa axente de viaxes ou compañía aérea.
- Adicionalmente, e de xeito opcional, válido exclusivamente para a asistencia nos aeroportos españois da rede de Aena a través do teléfono: 902 404 704 ou da web: www.aena.es



2.

Acuda ao punto de encontro

Á hora acordada. Se non se fixou hora ningunha, como mínimo dúas horas antes da hora de saída programada*. Avise da súa chegada polo intercomunicador e espere; alí recollerémolo. Pode ver a localización dos puntos de encontro na nosa web www.aena.es



*De non respectarse este tempo de antelación, non poderá garantirse a calidade do servizo ofrecido.



3.


Facturación e embarque

Será atendido e acompañado durante o proceso de facturación e nos controis de seguridade, ata o seu asento no avión; axudarámoslle coa súa equipaxe e axudas persoais.

4.

Chegada ao seu destino

Axudáremolo a desembarcar e a recoller a súa equipaxe. Despois acompañáremolo ao punto de encontro do aeroporto que vostede decida.



5.

Ao finalizar o servizo

Agradecerémolle que colabore na súa valoración se o persoal llo pide. Se algo non fose do seu agrado, comuníquello a sinbarreras@aena.es

Para información

902 404 704